

ADÁN VILLAMARÍN, Carme: *Feminicidio. Unha nova orde patriarcal en tempos de submisión*, Galaxia, col. Feminismos, Vigo, 2018, 186p.

Estamos ante un dos tres libros inaugurais da colección Feminismos da editorial Galaxia, xunto con *Chámame señora, pero trátame como a un señor*, de Inma López Silva e *ám@me*, de Mercedes Oliveira e Amada Traba. Unha aposta acorde con estes tempos de renovadas loitas pola igualdade entre mulleres e homes que estamos a vivir, da que non podemos menos que felicitarnos.

O libro encárase co complicado asunto da violencia contra as mulleres ou violencia patriarcal —como se nos propón denominar—, tema que non se pode abordar sen encadrarlo en todo o contexto da sociedade patriarcal na que vivimos. Como se anuncia no título, o fío principal será a proposta de uso do termo *feminicidio* para referirse aos asasinatos por razón de xénero, a carón doutros acordos a este como a *violencia patriarcal*. Porén, o libro é algo máis. Como nos di a propia autora: “Este libro non trata sobre unha palabra. É sobre toda unha teoría do feminicidio. Un marco de pensamento que nos permite entender e explicar por que a sociedade patriarcal necesita da violencia para producir a desigualdade” (p. 12).

Preséntase como un ensaio que nace da dor que axita o pensamento —parafraseando a Foucault— ante os asasinatos e maltratos visibles e invisibles, dunha dor compartida que pide explicacións, malia as dificultades para acadalas. De feito, máis que as explicacións simples que nos apetecerían por moito que intuamos que non existen, o que maiormente se nos ofrece son abondosas interpelacións e afirmacións que intentan provocar o cuestionamento dos preconceptos e prexuízos das persoas lectoras, nos que a miúdo vivimos instaladas, para deixar paso á proposta de novos marcos

---

Recibido: 31/01/2019. Aceptado: 04/02/2019.

conceptuais que contribúan nesta busca de explicacións. Pode soar a pouco, pero é un camiño posible e viable de cara ao que sería o obxectivo último e compartido de erradicar este tipo de violencia.

Neste ensaio a doutora Adán vai amosándonos o cadro no que se insire a violencia patriarcal. Faino cun estilo próximo e actual, empregando unha linguaxe clara e numerosos exemplos ilustrativos, como chiscando un ollo ás persoas lectoras, todo isto con afán didáctico ou divulgativo sen perder profundidade. Agradécense, así mesmo, as invitacións explícitas e implícitas a continuar a cavilar acompañadas dunha moi atractiva bibliografía.

Na introdución adiántansenos o que van ser os postulados principais do libro: que vivimos nunha sociedade intrinsecamente violenta coas mulleres, que é preciso eliminar a naturalización e normalización desta violencia na que habitamos, así como tamén denunciar a vitimización das persoas que a sofren... A partir deste aperitivo, ao longo de cinco capítulos vaise debuxando a paisaxe da que emerxe a violencia patriarcal.

Para principiar, e baixo o lema de “O silencio mata”, ponse sobre a mesa a evidente ausencia de mulleres nos saberes oficiais, xa sexan de tipo filosófico, científico ou técnico, e o modo en que o movemento feminista e as correntes de pensamento feminista levan tempo procurando desfacela, desocultando o que con tanto empeño foi escurecido de moi diversas maneiras. En especial, ponse énfase na importancia de falar e poñer nome ao sufrido e vivido, tendo claro que non estamos ante violencias individuais, senón dunha violencia xeneralizada, incrustada na nosa sociedade. Nesta liña, e de forma máis profunda, faise un clarificador repaso pola epistemoloxía feminista, que reflexiona sobre como debería ser un coñecemento que inclúa á metade da poboación adoito deixada de lado. Os principais temas de debate que se nos propoñen son: a) a permeabilidade dos límites entre ciencia e valores, isto é, o recoñecemento de que os valores están sempre presentes na busca da verdade, polo que explicitalos é sempre mellor opción que agochalos baixo unha enganosa obxectividade ou suposta neutralidade; b) a reconfiguración do suxeito cognoscente para propoñer unha noción de comunidade epistemolóxica; e c) a reconceptualización das nocións de obxectividade e verdade. Estes tres aspectos abórdanse desde outras tantas teorías epistemolóxicas feministas que agroman como as máis nomeadas: o empirismo feminista, a teoría do punto de vista feminista e as teorías pos ou transfeministas.

Seguidamente, analízanse as significacións de vocábulos fundamentais no debate como *mulleres*, *xénero* ou *ciborg*, matizando que os conceptos non compiten entre si, senón que suman e achegan riqueza de significacións.

Respecto a *mulleres*, a autora procura distanciarse do esencialismo que decote tende a implicar, sen caer no que sería o extremo oposto da disolución total do contorno, xa que sería unha magoa non aproveitar todo o seu potencial político como suxeito que vindicador de dereitos. En canto á palabra *xénero*, reconstrúese a súa historia desde Gayle Rubin nos anos 70 ata a actualidade. E, por último, amosa en linguaxe sinxela que hai detrás doutras palabras como *ciborg* ou *queer*. Con todas estas aclaracións terminolóxicas ímonos decatando do transfundo de interpretacións da realidade social que convén non esquecer.

No terceiro capítulo, baixo o declarativo título “o patriarcado non acouga”, fálasenos do neoliberalismo actual e de como se vai transformando, adoptando novas aparencias que agachan un patriarcado que non se desvanece en absoluto. De forma paralela, faise un ilustrador repaso da evolución das políticas de xénero ou igualdade desde as propostas para lograr a igualdade de oportunidades nas décadas de 1970 e 80, pasando polas medidas de acción positiva para, finalmente, chegar ao *mainstreaming*, indicando en cada caso os seus supostos e implicacións. Na nova orde patriarcal, e malia todas estas políticas postas en práctica con maior ou menor intensidade, prosegue a sorprendernos a amplitude da violencia contra as mulleres, exercida por Estados, mafias e individuos. Ante a cuestión de por que as mulleres sofren a violencia, se deixan dominar ou, dito desde outra perspectiva, por que as mulleres son submisas, proponse expresión de *submisión predecidida* inspirado no de *submisión consentida* de Carole Pateman. “A submisión predecidida necesita da ratificación que facemos as mulleres todos os días das propias condicións sobre as que se impón a nosa submisión e que, por suposto, segue como en épocas anteriores interpelando os nosos sentimentos” (p. 101).

Continúa o libro a darlle voltas á relevancia das nomenclaturas, agora xa centrándose máis precisamente na violencia. A modo de exemplo, a evolución desde *crime pasional* e *violencia doméstica* ata *violencia de xénero*, *violencia machista* e agora *feminicidio* e *violencia patriarcal*. Lémbrese que desde a filosofía se sabe ben que a forma de expresar lingüisticamente un pensamento non é algo van, que os conceptos nos dan a clave de como interpretamos, do valor que lle outorgamos a un maltrato ou a un asasinato. Neste caso en particular, que como é sabido non se refire a feitos illados senón a casos que teñen unha motivación social, política e ideolóxica clara que os conecta entre si, é de importancia transcendental como os denominemos, clasifiquemos e valoremos. Resulta interesante facer un pouco de historia en torno ás resistencias fronte a expresións como *violencia de xénero*

ou coñecer as orixes do concepto de *feminicidio*, que desde a súa proposta pola feminista mexicana Marcela Lagarde, procura remarcar a dimensión política dos asasinatos de mulleres polo feito de selo. E de aí, a matización fundamental: as mulleres sufridoras de violencia son vulnerables, non vítimas. Vitimizar funciona como unha estratexia patriarcal. Semella contradictorio, pero non o é cando se fía fino. Máis que vítimas, as mulleres en tanto que tales somos especialmente vulnerables debido á posición que ocupamos na estrutura social do patriarcado.

No último capítulo penetra no eido da lexislación referida a este tema, insistindo primeiramente na importancia de dotar de autoridade á palabra de muller. Propónsenos cavilar en torno á cuestión de se queremos unha lexislación feminista ou máis ben lexislar como feministas. Adán únese ás voces que apuntan á necesidade de realizar unha revisión dos grandes textos lexislativos como a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia incorporando a perspectiva feminista.

O ensaio deixa as portas abertas sen ousar ofrecer conclusións definitivas. De forma pouco dogmática recapitula sobre a proposta de uso do termo *feminicidio*, indicando que o peor que podería pasar se se incorpora é que sexa iso, un termo —léase un instrumento— máis para tratar de explicarnos este fenómeno nuclear da violencia patriarcal; unha palabra para colaborar na loita contra a precariedade e inxustiza epistémicas arredor da violencia contra as mulleres. Para poder levar adiante este camiño de cara á súa erradicación, non podemos ficar ancoradas no establecido, no habido. É preciso levantar a voz, poñer palabras ao que nos acontece, buscar explicacións e sobre todo formas de transformación. Como poeticamente remata o libro, da man da escritora Xoana Torres, “¿A que tanto novelo e tanta historia? EU TAMÉN NAVEGAR”. Nós tamén navegamos, reformulamos coa autora.

África López Souto